



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Xestión da Información Dixital	Código	710G04009	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Profesorado	Fernandez Travieso, Carlota Maseda Seco, Diego	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es d.maseda@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia ten por obxecto introducir ao concepto de infoxicación e as estratexias de xestión, organización e recuperación da información que sirven para orientarse no entorno dixital actual. Ao finalizar a materia, o alumnado deberá ter coñecemento e ter experimentado cos principais estándares internacionais de estilo bibliográfico, softwares para a xestión de referencias e outras ferramentas da web 2.0 que permitan tamén a produción e difusión de información.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Comprender o concepto de infoxicación ou sobreexceso de información na contorna dixital actual.	A1 A13	B1 B3 B7 B11
Desenvolver estratexias de xestión, organización e recuperación eficaz da información na contorna dixital.	A1 A6 A8 A9 A13	B1 B2 B3 B6 B8 B9 B11	C1 C2 C6 C7 C8
Coñecer e saber aplicar os principais estándares internacionais de estilo bibliográfico (Harvard, Chicago, MLA, APA, UNE-ISO 690-2013) a calquera tipo de fonte de información e recurso dixital.	A8 A12 A13	B2 B4 B5 B6 B9 B10	C1 C2 C8



Saber deseñar e elaborar diferentes recursos especializados de información mediante o emprego de xestores de referencias no contorna web.	A1 A6 A8 A12 A13	B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B11	C1 C2 C7 C8
Coñecer e saber empregar as principais ferramentas da web 2.0 para a xestión, produción e difusión da información: bookmarking, sharing, content curation, redes sociais, blogues, wikis etc.	A1 A6 A8 A9 A12 A13	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. NATUREZA E FLUXOS DE INFORMACIÓN NO CONTORNO DIXITAL.	1.1. Introducción ao estudo das características da información no contorno dixital: natureza, características definitivas e ciclos de vida e fluxos de transferencia. 1.2. O concepto de infoxicación no contorno dixital.
2. BÚSQUEDA E RECUPERACIÓN DA INFORMACIÓN DIXITAL	2.1. Selección, avaliación e curación de información no contorno dixital. 2.2. Estratexias de búsqueda de información.
3. MANEXO DE FERRAMENTAS BIBLIOGRÁFICAS DIXITAIS	3.1. Normas e estilos de citación e referencia bibliográfica 3.2. Xestores bibliográficos 3.3. Pautas de elaboración dunha bibliografía para traballos académicos.
4. XESTIÓN, PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN NO CONTEXTO DA WEB 2.0.	4.1. Principais ferramentas para o traballo colaborativo e a difusión en Internet de información

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	B2 B3 B4 B7 B9 C1	3	25	28
Sesión maxistral	A1 A8 A9 C3 C4 C5 C8	21	0	21
Estudo de casos	A6 A12 B1 B5 B6 B8 C7 C6	3	35	38
Lecturas	B4	0	10	10
Prácticas a través de TIC	A13 B10 B11 C2	18	35	53
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Haberá unha proba de carácter teórico-práctico dirixida a verificar o nivel de consecución da materia por parte do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos esenciais correspondentes aos temas do programa, que poderá ser apoiada por medios audiovisuais. Proposta de exemplos e modelos. Resposta a dúbidas e preguntas.
Estudo de casos	O alumnado enfrontarase ao estudo e resolución de casos prácticos relacionados coa recuperación e xestión da información bibliográfica sobre un tema seleccionado por eles mesmos individualmente. Participarase nun estudo en grupos dos diferentes estilos de referenciación bibliográfica, que se compartirán coa clase nunha exposición oral. Cada alumno dará lugar a unha bibliografía que recolla diferentes tipos de documentos sobre ese asunto, atendendo a diferentes estilos de referenciación bibliográfica. Esta metodoloxía supoñerá traballo autónomo por parte do alumnado e a posibilidade de obter orientacións e seguimento por parte da profesora. Iranse ofrecendo as pautas necesarias para a realización destes estudos de casos.
Lecturas	Lectura individualizada dos textos propostos polo profesor e debate colectivo na aula na que se fundamenta a discusión crítica sobre os seus contidos.
Prácticas a través de TIC	Desenvolveranse unha serie de prácticas dirixidas a coñecer e usar software e ferramentas para a xestión da información bibliográfica e a promoción de recursos dixitais nas redes sociais académicas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Prácticas a través de TIC	As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar o exame, traballos tutelados, traballos do portafolios e calquera outra actividade orientada ao longo do curso. Empregaranse preferentemente as titorías presenciais e o correo electrónico e o chat de Teams. Acordándose previamente cos profesores, poderánse tamén realizar titorías por vídeo-conferencia a través de Teams.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	B2 B3 B4 B7 B9 C1	Proba teórica dirixida a avaliar o grao de coñecemento acadado polos estudantes en relación cos contidos da materia.	40
Estudo de casos	A6 A12 B1 B5 B6 B8 C7 C6	Avaliación do desenvolvemento e resolución dos casos propostos na materia. Considerarase especialmente o compoñente crítico-reflexivo e o grao de innovación proposto polo estudante na resolución dos problemas plantexados.	30
Prácticas a través de TIC	A13 B10 B11 C2	Avaliarase o grao de coñecemento e xestión dos programas e plataformas empregadas para o desenvolvemento das prácticas propostas.	30

Observacións avaliación



Para aprobar a materia, é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación. Será imprescindible obter un mínimo de 4 sobre 10 na proba mixta (exame), nos estudos de caso e nas prácticas a través das TIC, de non ser así a nota global da materia non será superior a 4,5. Non se avaliarán traballos entregados fóra de prazo ou non acordados coa profesora previamente cando sexa preciso. Unha vez realizado un dos traballos dos estudos de casos ou das prácticas, se as restantes entregas da metodoloxía non se entregan nos prazos establecidos cualificaranse cun 0. Este será tamén o caso dos traballos que non cumpran coas instrucións prescritas para a súa elaboración ou que fosen copiados ou plaxiados. A cualificación será de non presentado (N. P.), cando non se entregue ningún dos traballos dos estudos de casos ou das práctica a través das TIC ou non se asista ao exame.

SEGUNDA OPORTUNIDADE: Poderán presentarse á segunda oportunidade UNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Respetaranse as mesmas condicións e porcentaxes da primeira oportunidade. Gardaranse as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas, polo que os alumnos poderán recuperarán só a parte/partes que teñan suspensas. Será obrigatorio comunicar a laos profesores como se abordará a avaliación nesta segunda oportunidade. Cando sexa preciso, será obrigatorio ter acordados os temas dos estudos de casos e/o prácticas como mínimo un mes antes da data fixada para o exame pola Facultade de Humanidades. Para presentarse ao exame (proba mixta) será requisito imprescindible presentar previamente os traballos dos estudos de casos e das prácticas a través das TIC no prazo que se sinale. **ALUMNOS CON DEDICACIÓN A TIEMPO PARCIAL O DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIA ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:** Terán que acordar unha titoría nas dúas primeiras semanas de clase co fin de establecer un plan de traballo idóneo e de entregas para a a primeira oportunidade. Se os alumnos non solicitan esa primeira titoría nas dúas primeiras semanas de clase, entenderase que optan por presentar os traballos nas mesmas datas co resto do alumnado. Na segunda oportunidade, as datas de entrega límite serán as mesmas que para o resto do alumnado. O resto das condicións serán as mesmas que para os outros alumnos

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Alonso Arévalo, J. and López Lucas, J (2007). Gestores de referencias : Endnote Endnote, Procite Procite. RefWorks. http://sabus.usal.es/bib_virtual/doc/julio_gestores.zip - Cordón García, José Antonio; Alonso Arévalo, Julio; Gómez Díaz, Raquel; García Rodríguez Araceli (2016). Las nuevas fuentes de información: información y búsqueda documental en la web 2.0.. Madrid. Pirámide - Cox Baker, Donna (2019). Zotero for Genealogy: Harnessing the Power of Your Research. Golden Channel Publishing - Puckett, Jason (2011). Zotero: A Guide for Librarians, Researchers and Educators. Chicago: American Library Association - Raubenheimer, Jacques (2014). Mendeley: Crowd-sourced reference and citation management in the information era. True Insight Publishing - Chuquimarca, Hugo (2019). Aplicación del Software Mendeley en el Área Materias Generales, 2019: La sobreinformación digital se combate a través de la alfabetización informacional. Editorial Académica Española Carballo Pérez, Yeter; Ramírez Céspedes, Zulía. "El ciclo de vida de la información en la Web". Ciencias de la Información, vol. 38, núm. 1-2, abril-agosto, 2007, pp. 31-40 Codina, Lluís. ¿Nuevas fuentes de información académica?. Anuario ThinkEPI, 2010, v. 4, pp. 139-142. Guallar, J. (2017). Artículos de curación de contenidos. Categorías y ejemplos. Anuario ThinkEPI, 11, 210-216. https://doi.org/10.3145/thinkepi.2017.38 Guallar, J. (2020). Ética de la curation. [Preprint] http://eprints.rclis.org/40460 Guallar, J. (2020). Sistema personal de content curator. Fases, herramientas y ejemplos. Anuario ThinkEPI, 14. https://doi.org/10.3145/thinkepi.2020.e14d04 Guallar, J., & López-Borrull, A. (2022). Curar la verdad, curar la mentira: dos estrategias de content curation contra la desinformación. Anuario ThinkEPI, 16. https://doi.org/10.3145/thinkepi.2022.e16a42 Guallar, J. y Traver, P. (2021). Curación de contenidos de bibliotecas en medios sociales: plataformas, técnicas y buenas prácticas. Anuario ThinkEPI, 15, España. (Pp.1-16). https://doi.org/10.3145/thinkepi.2021.e15d02 Herrero-Diz, P., Pérez-Escolar, M., & Varona Aramburu, D. (2022). Competencias de verificación de contenidos: una propuesta para los estudios de Comunicación. Revista De Comunicación, 21(1), 231-249. https://doi.org/10.26441/RC21.1-2022-A12 López-Borrull, A. (2020). Fake news e infodemia científica durante la Covid-19, ¿dos caras de la misma crisis informacional?. Anuario ThinkEPI, 14. https://doi.org/10.3145/thinkepi.2020.e14e07 López-Burrull, A. y Ollé, C. (2020). Curación de contenidos científicos en tiempos de fake science y Covid-19: una aproximación entre las ciencias de la información y la comunicación. En: Comunicación y diversidad. Seminario Comunicación y diversidad. Selección de comunicaciones del VII Congreso Internacional de la Asociación Española de Investigación de la Comunicación (AE-IC). Valencia, España. https://doi.org/10.3145/AE-IC-epi.2020.e16 Pinto Santos, A. R; Díaz Carreño, J.; Santos Pinto, Y. A. (2018). Infoxicación y capacidad de filtrado: Desafíos en el desarrollo de competencias digitales. Etica@net: Revista científica electrónica de Educación y Comunicación en la Sociedad del Conocimiento, 18(1), 102-117. Portugal, R., & Aguaded, I. (2020). Competencias mediáticas y digitales, frente a la desinformación e infoxicación. Razón y Palabra, 24(108). Quian, A. (2023). (Des)infodemia: lecciones de la crisis de la covid-19. Revista de Ciencias de la Comunicación e Información, 28, 1-23. https://doi.org/10.35742/rcci.2023.28.e274 Torres Ramírez, I. (1998). ¿Los repertorios bibliográficos o bibliografías. Concepto, función informativa, tipología e historia?. En Las fuentes de información. Estudios teórico-prácticos. Madrid: Síntesis, pp. 147-166.
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Os profesores poderán proporcionar nas clases bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías